

A saia da Carolina

A saia da Carolina é unha canción tradicional galega que se canta a miúdo en festas e reunións diversas.

Fixéronse cantidade de versións dela, comezade esta tarefa escoitando a versión de Luar na Lubre:

<https://www.youtube.com/watch?v=tY9N0ZJ3Lp8>

Este é un fragmento da letra:

A saia da Carolina
ten un lagarto pintado.
Cando a Carolina baila
o lagarto dálle o rabo.

Bailache, Carolina?
Bailei, si señor!
Dime con quen bailaches?
Bailei co meu amor
Bailaches, Carolina?
Bailei, si señor!

A Carolina é unha tola
que todo fai ao revés.
Íspese pola cabeza
e vístese polos pés.

1. Se che apetece, podes ilustrar a letra da canción.

2. Que é unha saia? Busca o significado no dicionario e escríbeo.

(Podes empregar un dicionario de papel ou en liña O Portal das palabras: <https://portaldaspalabras.gal/>)

3. Ordena estas imaxes de saias comezando pola máis antiga:



4. Une cada prenda de roupa co seu nome:

Pantalóns



Xersei



Camisa



Traxe



Camiseta



Saia



Calzón



Blusa ou
chambra



Bragas



Calcetíns ou
peúgos



5. Para saber máis de roupa preme no enlace e xoga: <https://portaldaspalabras.gal/xogo/a-roupa/>

